

## Teatro

Cua chegada del bon tempo —ou cua chegada del brao, que nun é el mesmo— tamén chega el momento pra qu'os grupos de teatro da zona poñan as súas obras. Son muitos os grupos de teatro aficionao qu'hai nos nosos conceyos y costa caro manter el actividá todos os anos pero temos noticias de qu'hai tres que tein xa dalgúia actuación pensada pra este mes d'agosto. El Asociación cultural *El Penedo Aballón* ten nel sou reportorio *Tono xa nun pode cravuñar, Cásate ben se podes y Estraño viaxe*, todas tres del autor franquín José María Bedia. El Asociación de Padres de Castropol, Os APAS, representa el obra de Manuel García-Galano *Vénnos el americano*. El grupo de teatro Pico de Faro, que dirixe el colaborador d'esta revista, Verardo da Roda, ten en carteira *Vénnos el americano, Dous páxaros d'un tiro y a peza curta, tamén escrita pol Galano, Estruñós da vida*. Nun resta máis que daryes ánimos a estos grupos y pidir que vaya mucho público a pasar un bocadín agradable col teatro na nosa fala.

## LITERATURA

Acaba de salir el número del brao da revista *Lliteratura* qu'edita el Academia de la Llingua Asturiana. Bríndanse a os lectores prosa, poesía y crítica lliteraria feita en asturiano, todo ello arroupao con un diseño feito con ben de gusto y procura. A novedá ta en qu'un colaborador d'ENTRAMBASAUGUAS, el figuei-

## LLITERATURA



rolo José Manuel Martínez Castro, publica dous relatos curtos en gallego-asturiano, "Miudanzas d'Oliveira" y "Leución d'anatomía", onde volve amostrar el sou bon xeito como escritor.

Pinta que s'anima un pouco el panorama dos escritores na nosa fala porque hai xente nova qu'empeza a atreverse col gallego-asturiano. É el caso del escritor Xaviel Vilareyo y Villamil (Mieres, 1967), con familia vida de Bual, que nel sou último poemario en asturiano, *Cróniques del Recuerdu* (Editora del Norte, 1997), publica úa poesía na súa fala d'origen: "Esmolecimiento". Os primeiros versos poden valir de mostra: *Xa vei búia que nun sinto/ os sones dos eternos agostos./ Aquellos que me trouxeran/ novas sensaciós de veyas estampas,/ abrindo oyos enredadores/ d'un neno inquieto.*

## Castropol

Empeza el brao y as actividades culturais multiplícanse na Casa de Cultura de Castropol. El mes d'agosto ábrese con un Curso de Brao d'emparazao cua Universidá d'Uviéu. Son os IV *Encontros castropoleños d'hestoria* que volven dedicarse a estudiar a hestoria da prensa asturiana.

Pra mediaos del mes ha a haber úa Semana de Teatro Local unde han a poñer obras asociaciós xuveniles, de padres y vecinales. Al tempo han a organizarse exposiciós d'acuarelas y d'artesanía tamén nos locales da Casa da Cultura.

Ponse un bon broche á programación cultural del mes d'agosto cua actuación da Orquesta Sinfónica d'Asturias nel Igrexa Parroquial el martes 26.

## A Veiga

Tamén nel edificio da Biblioteca da Veiga, estreno de pouco, hanse a fer nel mes d'agosto dalgúias exposiciós y actuacións de grupos de teatro. El Asociación Amigos da Veiga y el sou conceyo, na primeira quincena del mes, amostra el trabayo de recogida de ferramentas, arabías y materiales da cultura tradicional da zona, nel que llevan trabayando dende hai un bon tempo.

El veiguengo Enrique Pérez Villanueva y Julián Naves espón as súas pinturas del 16 al 23 d'agosto. Tamén a Orquesta Sinfónica, na súa xira branega por Asturias, toca na Veiga, nel novo Salón d'Actos da Biblioteca, el venres 29 d'agosto.

## Tapia

Outro ano máis volve a Feria Campomar a Tapia. Os días 22, 23 y 24 d'agosto, han a volver as regatas, as degustaciós de bonito, a música, os desfiles folclóricos, os premios a os Bólos del Campo, el Requesón d'honor —qu'enguano dáseye a Tomás Niembro—, el teatro na nosa fala, a evolución da mayega a través del tempo, a venta de libros y d'artesanía, etc. ¿Pode darse más en tan pouco tempo?

## El Franco

Prá segunda quincena del mes de setembre, y coincidindo cuas festas de San Miguel, amáñanse na Caridá úa serie d'actos culturais de todo tipo. As tardes han a tar chías de teatro local y charlas sobre custiós etnográficas, lliterarias, culturales, etc. Tamén s'ha presentar na Casa del Conceyo del Franco el libro *Mourén dos fondales*, del poeta franquín Fredo de Carbaxe.

## Intercéltico

Celebrase el *Primeiro Festival Intercéltico d'Occidente* nos Conceyos de Tapia y El Franco. Del venres 22 d'agosto al venres 29, en Tapia, Valdepareis y A Caridá vanse encontrar bandas de gaitas asturianas, bretonas y gallegas. Panderetas, coros y grupos de folk de todo el ámbito atlántico han a actuar esos días pra dar un pouco de marcha al Festival anque tamén hai sito pras exposiciós d'instrumentos tradicionais y pra os talleres de gaita bretona y gallega pra todos aquellos gueiteiros que quiran achegarse a estas gaitas hermás. El teatro tradicional y un trofeo de *bolo rodado* danye einda máis sabor local a este Festival que bota a andar por primeira vez.

Xa fora del

Intercéltico pero dentro del mesmo aire, el sábado 30 d'agosto vólvese celebrar nel Alameda, nas veiras del Río de Porcía, a *Noite Celta*. Nun sei se chegaremos con forzas.

